

A categoría de PSX elixe destino o vindeiro sábado día 2, as prazas que se ofertan para Elección de Destino son **293**, cando no Decreto de oferta da Convocatoria se ofertaron **299**, a CAUSA débese ás persoas que aprobaron da queda de DISCAPACIDADE, que non superaron o 3% da convocatoria e polo tanto hai 6 prazas que teñen que reservarse para a convocatoria seguinte, segundo o contemplado na propia convocatoria:

**"No suposto de que as prazas cubertas por persoas con discapacidade acade unha taxa do tres por cento do total das prazas convocadas na correspondente categoría, as prazas non cubertas acumularanse ás restantes do acceso libre.**

**No suposto de que as prazas cubertas por persoas con discapacidade non acadase a taxa do tres por cento do total das prazas convocadas na correspondente categoría, as prazas non cubertas acumularanse á cota do sete por cento da oferta seguinte, cun límite dun doce por cento."**

Como se pode comprobar só aprobaron 3 persoas da queda de discapacidade, o que non chega ao 3% da convocatoria (o 3 por cento serían 9 prazas) de aí que teñan a obriga de

## **Aclaración prazas PSX**

Xoves, 31 Marzo 2011 12:45

---

reservar 6 prazas para a seguinte convocatoria, o que produce o resultado de ofertar só 293 prazas.